# O ELEFANTE AFRICANO

## ONDE VIVEN

O Elefante Africano é natural de África
Hoxe en día só se atopa en certos lugares ao sur do deserto do Sahara en número seriamente reducido. Considérase en perigo de extinción



## COMO VIVEN

As femias e as crías mantéñense en pequenos grupos que se xuntan con outros

grupos parecidos. Os grupos tenden a formar mandas que poden chegar a contar con 70 elefantes.

Tanto nos grupos familiares como nas mandas é unha femia adulta a que manda e dirixe ao resto das femias e elefantes novos. Os machos adultos permanecen solitarios ou en pequenos grupos

Normalmente teñen un só fillo, aínda que poden ser dous. A cría pesa uns 100 Kg. ao nacer. Poden chegar a vivir uns 70 anos.

## ALIMENTACIÓN



A alimentación consiste en herba, cortiza das árbores e arbustos. Nun día pode

consumir 170 Kg. Trasládase de acordo á escaseza ou abundancia de comida, que pode estar relacionada coa tempada do ano.

## COMO É

O peso dun macho pode alcanzar os 6000 Kg. Este elefante é o animal terrestre de maior peso.
Tanto os machos como as femias teñen colmillos. Os colmillos medran durante toda a vida do animal e por tanto son máis longos nos animais vellos. Os elefantes usan os seus cabeiros para colleitar os alimentos e transportalos, e tamén como armas.



Utiliza a súa trompa para cheirar, comer, comunicarse, coller obxectos, bañarse e beber (aínda que estes non beben a través das súas trompas, si sorben a auga e a rocían dentro das súas bocas).

As súas grandes orellas sérvenlles para abanicarse cando fai moito calor.

**AQUÍ** podes atopar moitas imaxes de elefantes

Fontes:
http://www.damisela.com/zoo/mam/proboscidea/loxodonta/

Nota: A información  e imaxes aquí recollidas son para uso educativo e sen fin lucrativo. Se alguén considera vulnerados os seus dereitos de autor, póñanse en contacto con nós e serán inmediatamente retirados
e-mail: bibliocole@gmail.com